

**EXPTE.: 37991/220**

OEP 2014-2015-2016
OFICIAL COIDADOR/A, MANTEMENTO E CONTROL ZOO
ANUNCIO DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS, PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DO
PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, TEÓRICO TIPO TEST, E CONVOCATORIA SESIÓN
PÚBLICA PARA APERTURA SOBRE CON ETIQUETAS IDENTIFICATIVAS.

O órgano de selección para a provisión en propiedade de dúas prazas en réxime laboral de oficial coidador/a, mantemento e control zoo, subgrupo c2, vacantes no cadro de persoal do concello de Vigo do anos 2014, 2015 e 2016, sistema de selección oposición libre (*bases xerais e específicas publicadas no boppo 26/03/2018*), en sesión do 15 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de resolución das reclamacións presentadas, puntuacións definitivas do primeiro exercicio da oposición, teórico tipo test:

- Reclamación á PREGUNTA 1 presentada por: González Álvarez, Maria Cristina

Motivos sucintos: Alega que esta pregunta non ten resposta correcta xa que a CE recoñece por unha parte o dereito de reunión e asociación e por outro lado garante a liberdade ideolóxica.

Solicita que se anule a pregunta.

Acordo: Se ben é certo que a CE utiliza, tamén, o termo “garantizar” para se referir a certos dereitos e liberdades, este termo implica o recoñecemento do dereito de asociación, de liberdade ideolóxica e de reunión. O diccionario da RAE define garantías constitucionais como os dereitos que a constitución dun estado recoñece a tódolos cidadáns, polo que claramente a resposta correcta é a opción “c”).

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamacións á PREGUNTA 6 presentadas por: Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel e Rodríguez Lago, Luis Miguel

Motivos sucintos: Alegan que en base á Guía de funcións de oficial coidador, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, a resposta correcta sería a opción “a)”, xa que as “b)” e “c)” non aparecen na citada guía. Ademais que no listado oficial de tarefas de coidador, non aparecen as opcións “b)” e “c)”, e que para manexar maquinaria se necesitan cursos de prevención e non sempre están realizados.

Solicitan que se considere correcta a opción “a)”.

Acordo: Segundo vixente Guía de funcións de oficial coidador do zoo, son funcións e tarefas, entre outras, as recollidas nas respostas das opcións “a), b)” e “c)”, polo que a resposta correcta é a opción “d)”. En canto ao manexo de maquinaria, certo é que os empregados municipais teñen que recibir a formación en materia de prevención necesaria para a súa utilización, o que non invalida que sexa unha función propia do posto de traballo.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 09:22

Páxina 1 de 6

Expediente 37991/220

CSV: 2B8EA6-AA59E4-53C2B4-XHLCDR-9SSMEA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Reclamación á PREGUNTA 7 presentada por: López Jamardo, María Carmen

Motivos sucintos: Alega que nesta pregunta as opcións marcadas como resposta correcta nas plantillas publicadas do exame en galego e castelán, non son coincidentes.

Solicita que se elimine a pregunta.

Acordo: A resposta correcta considerada polo tribunal na corrección das probas foi a opción “a)”, tal e como figura na plantilla de respostas publicada en castelán, existindo un erro material na plantilla publicada en galego, en canto se sinalaba como resposta correcta a “d)”, sen que este erro teña afectado á corrección dos exercicios, polo que non procede a anulación da pregunta.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamacións á PREGUNTA 8 presentadas por: González Álvarez, María Cristina; Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel

Motivos sucintos: Alegan que segundo o art 3 da Lei 31/2003, de 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, e o libro “Parque zoológico, un nuevo aliado de la biodiversidad...” nin na publicación “Estándares para el mantenimiento de especies y sus instalaciones de AIZA”, junio 2009, non se fai referencia ao espazo para permitir o exercicio necesario para o benestar da especie.

Solicitan que se considere correcta a opción “d)” .

Acordo: O concepto de benestar animal está relacionado coa saúde física, o estado emocional e o comportamento dos animais. Parte integrante da saúde física é o confort, no que se encadraría proporcionar un espazo suficiente para permitir o exercicio necesario para o benestar da especie. Asemade, como sinala o “Documento de boas prácticas da Directiva de Parques zoolóxicos da UE”, os comportamentos activos naturais como escalar, buscar alimentos, nadar, etc, son indicadores do benestar animal.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións.

- Reclamación á PREGUNTA 13 presentada por: Manzano Herrero, Noelia

Motivos sucintos: Alega que non está de acordo coa formulación da pregunta nin coa resposta considerada como válida polo órgano de selección, toda vez que nin o temario nin outras entradas dan como aceptable a resposta, resposta que non considera como posible. Alega que nun recinto zoológico, no que prima o benestar dos animais, a eliminación do medo e o estrés é a primeira das cinco liberdades do código de benestar da UE, polo que en cumprimento da mesma, nun zoológico non se deben colocar os animais cos seus depredadores nin cerca destes. Alega que os comportamentos de acercamento poden ser o preludio dun ataque ou unha ameaza.

Solicita que se considere correcta a opción “a)” .

Acordo: A pregunta redáctase en base ao apartado 3.4.3. “Indicadores de benestar animal” dos anexos do “Documento de buenas prácticas de la Directiva de parques zoológicos de la UE” que recolle unha táboa na que se indican comportamentos que poden indicar un bo benestar ou un benestar deficiente.

A maior abastanza, a opción “a)” que a alegante considera válida, refírese a comportamentos de acercamento espontáneos (voluntarios, que se producen aparentemente sen causa) que non se considerarían indicadores de situacións de estrés, ameaza. ...

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 09:22

Páxina 2 de 6

Expediente 37991/220

CSV: 2B8EA6-AA59E4-53C2B4-XHLCD-9SSMEA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Reclamacións á PREGUNTA 14 presentada por: Gómez Rodríguez, Ana M^a; González Álvarez, M^a Cristina; López Jamardo, María Carmen e Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel

Motivos sucintos: Alegan que a resposta “a)” é incongruente e carente de sentido por empregar os termos “medición relativa “ e “disposicións” de forma incorrecta, e por estar a frase incompleta. Alegan que a palabra “relativa” non fai referencia a un tipo de medición absoluta ou relativa e que o termo “disposición” non é un parámetro medible.

Solicita que se considere correcta a opción “b)”.

Acordo: tal e como establece o “Documento de buenas prácticas da directiva de parques zoolóxicos da UE”: la evaluación del bienestar animal puede basarse en mediciones relativas a las disposiciones (enfoque basado en los recursos) o en las respuestas de los animales a su entorno (enfoque basado en los animales).

Neste caso, o termo “relativa” refírese a acepción que recolle o dicionario da Real Academia Española referido a “que garda relación con algo”.

Respecto ao termo “disposición” emprégase como sinónimo de elementos dispoñibles ou recursos.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións.

- Reclamacións á PREGUNTA 16 presentadas por: López Jamardo, M^a Carmen; Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel e Rodríguez Lago, Luis Miguel

Motivos sucintos: Alegan que no caso de que o animal teña unha posible lesión, o cuidador deberá avisar ao veterinario, pois non están dentro das capacidades do cuidador os temas relacionados coa saúde dos animais.

Solicitan que se anule a pregunta; que se considere correcta a opción “d)”.

Acordo: A redacción da pregunta é concreta, refírese a un suposto no que se sospeita (non se esixe unha diagnose) dunha fractura ou luxación. A inmovilización consiste unicamente en manter o óso quebrado nunha posición fixa e firme para que non se mova e sufra un dano maior, coñecemento básico de primeiros auxilios (tema 8 dos específicos da oposición) .

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamación á PREGUNTA 26 presentada por: Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel

Motivos sucintos: Alega que nesta pregunta hai varias respostas incorrectas, xa que a resposta “b)” tamén sería incorrecta. Hai manuais de enriquecemento ambiental onde se aconsella que os animais teñan tempo suficiente para interactuar cos obxectos, xustificando que unha exposición repetida á novidade reduce o medo por parte do animal.

Solicita que se elimine a pregunta.

Acordo: A pregunta está extraída do manual de “Enriquecimiento y Bienestar de Mamíferos en Cautiverio”, Halit Khoshen, Msc. Primera Edición.”, no “Capítulo 4 Etapas de Enriquecimiento”, apartado “4.3. Implementación”, nas que se sinalan as respostas “a), b), d)” como actuacións correctas dentro da implementación dun plan de enriquecemento ambiental dos animais en cativeiro, e a resposta “c)” como unha actuación incorrecta, xa que os mobles sobre os cales os animais realizan a súa marcaxe de cheiros NON deben ser desinfectados a diario.

Os argumentos do reclamante non resultan admisibles xa que non deixan de ser meras opinións, sen achegar ningunha documentación técnica xustificativa. Asemade, existe unha aparente contradición na súa propia argumentación xa que indica “que unha exposición repetida á



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 09:22

Páxina 3 de 6

Expediente 37991/220

CSV: 2B8EA6-AA59E4-53C2B4-XHLCD-9SSMEA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

novidade reduce o medo por parte do animal”, e deixar o artigo por un “longo período de tempo” xa non sería novidade, que confirma aínda máis que a afirmación da resposta “b)” sexa correcta.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

- Reclamacións á PREGUNTA 28 presentadas por: Gómez Rodríguez, Ana María; López Jamardo, María Carmen e Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel

Motivos sucintos: Alegan que o enriquecemento ambiental non facilita o traballo dos cuidadores, xa que aumenta a carga de traballo e está orientado á conservación das expresións da conduta dos animais, pero non ó seu manexo.

Solicitan que se considere correcta a opción “c)””; que se considere correcta a opción “b)””.

Acordo: A pregunta está extraída do manual de “Enriquecimiento y Bienestar de Mamíferos en Cautiverio”. Halit Khoshen, Msc. Primera Edición.”, no “Capítulo 3 Enriquecimiento”, apartado 3.2. e no que se indica que enriquecer a vida en cativerio dos animais é importante tanto para o seu benestar físico como para o seu benestar mental, o cal ten varias funcións importantes, entre as que se citan as respostas das opcións “a), b)” e “d)””; polo que a resposta incorrecta sería a da opción “d) Todas son falsas” como sinalou o tribunal.

O enriquecemento ben executado favorece o manexo dos animais e, por tanto, o traballo do cuidador. A mellora do benestar físico e psicolóxico dos animais en cativerio que se produce co enriquecemento evita comportamentos anormais tales como estereotipias ou apatías, o que beneficia o traballo dos cuidadores.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións.

- Reclamacións á PREGUNTA 29 presentadas por: Gómez Rodríguez, Ana María; González Álvarez, María Cristina; López Jamardo, María Carmen e Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel

Motivos sucintos: Alegan que o artigo do que se extrae a pregunta indica que os indicadores descritos teñen limitacións metodolóxicas polo que non se demostra unha relación fiable entre os indicadores fisiolóxicos co benestar animal, polo que a resposta correcta sería a da opción “d)”. Alegan que se debería invalidar porque en todas as respostas hai parte de respostas con indicadores fisiolóxicos e outros non. Indican que é unha pregunta que está por encima do nivel ESO/EXB esixido para a oposición e que fai consideracións que ten que ter un conta un veterinario ó interpretar valores analíticos. Por último que a resposta “a)” que se da por boa está incompleta xa que o indicador sería “cociente de heterófilos: linfocitos”.

Solicitan que se considere correcta a opción “d)” Todas son falsas; que se invalide a pregunta.

Acordo:

- Respecto a que a pregunta excede do nivel esixido para participar na oposición, (ESO ou EXB), cómpre sinalar que:

As bases específicas da praza de oficial cuidador indican que un dos requisitos para acceder a dita praza é estar en posesión do título de ESO ou equivalente. Isto é, estar en posesión de dito título é unha condición mínima necesaria para a realización das probas, pero en ningún momento se establece que os contidos do temario deban se axustar a dito nivel académico.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 61.2 (sistemas selectivos) establece que:

“Los procedimientos de selección cuidarán especialmente la conexión entre el tipo de



pruebas a superar y la adecuación al desempeño de las tareas de los puestos de trabajo convocados, incluyendo, en su caso, las pruebas prácticas que sean precisas."

Esto é, o tipo de proba ten que ir en concordancia co posto a desempeñar, non coa titulación académica esixida. En ningún momento establece que teña que existir conexión entre o nivel de dificultade das probas e o nivel esixido para a concorrência ó proceso selectivo. Proba disto, son os exames de oficiais (electricistas, fontaneiros,...), nos que se pide un coñecemento do oficio que non existe no currículo académico do título de ESO ou equivalente. O mesmo, polo tanto, para a praza que nos ocupa de oficial coidador.

A pregunta axústase ao temario (pertence ó Tema 16: Ética e Benestar Animal) e non caben dúas respostas posibles dentro das opcións que se propoñen.

Dado que non existe un desenvolvemento oficial do temario, corresponde ao aspirante, segundo o seu propio criterio, o desenvolvemento e preparación deste, sendo perfectamente accesible a documentación necesaria para a correcta resposta á pregunta en cuestión (número 29).

-A pregunta foi extraída do documento técnico "Evaluación del bienestar en animales de zoológico: indicadores basados en el animal", M. Salas e X. Mantec, do Centro de educación de benestar de animais de zoolóxicos (ZAWEC), publicado na web www.zaweg.org, no que sinala que "a concentración de oxitocina, a lonxitude de telómeros e o cociente de heterófilos: linfocitos" como indicadores fisiolóxicos de benestar animal.

Sen prexuízo do exposto, de conformidade co citado documento técnico, na resposta da opción "a" omitiuse por un erro na definición do cociente heterófilos o vocábulo "linfocitos", circunstancia que dá lugar a confusión, polo que procede anular a pregunta 29 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 31.

Polo tanto, o órgano de selección acorda anular a pregunta 29 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 31, e desestimar as reclamacións nos demais aspectos

As puntuacións definitivas deste primeiro exercicio da oposición, teórico tipo test, outorgadas polo órgano de selección trala resolución das reclamacións presentadas e de acordo coa plantilla de respostas, para cada un dos número identificativos é a seguinte:

ID	Bien	Mal	NC	Puntuación
3210	28	1	1	9,17
3218	19	3	8	5,83
3222	20	6	4	5,67
3223	16	5	9	4,50
3227	20	6	4	5,67
3228	17	3	10	5,17
3231	22	3	5	6,83
3232	23	0	7	7,67
3235	24	5	1	7,17
3236	14	11	5	2,83
3239	22	7	1	6,17
3240	23	1	6	7,50
3248	16	10	4	3,67
3250	24	2	4	7,67
3251	21	5	4	6,17
3252	18	7	5	4,83
3256	19	6	5	5,33
3260	25	1	4	8,17
3264	21	9	0	5,50



ID	Bien	Mal	NC	Puntuación
3268	21	1	8	6,83
3272	15	9	6	3,50
3273	18	1	11	5,83
3275	11	10	9	2,00
3283	24	5	1	7,17
3284	20	4	6	6,00
3285	22	5	3	6,50
3290	14	9	7	3,17
3293	9	14	7	0,67
3294	7	8	15	1,00
9603	18	6	6	5,00
9711	27	2	1	8,67
9729	13	12	5	2,33
9873	20	7	3	5,50
9882	19	8	3	5,00
9891	14	3	13	4,17
11115	17	13	0	3,50
11187	27	1	2	8,83
11223	24	6	0	7,00
11259	16	14	0	3,00

O que se fai público para os efectos da súa notificación ós aspirantes, informándolles que contra estes acordos do órgano de selección poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio na web municipal (www.vigo.org).

Asemade, informar ós aspirantes que o órgano de selección procederá en sesión pública o venres día 17 de setembro de 2021 ás 9 horas na Oficina de Conserxería, sita no baixo andar da Casa do Concello, á apertura do sobre que contén as etiquetas identificativas dos aspirantes, sen prexuízo da posterior publicación na web municipal.

Vigo, na data da sinatura dixital

O presidente do órgano de selección.- Secundino Otero Faílde

A secretaria do órgano de selección.- Marta Riobó Ibáñez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 09:22

Páxina 6 de 6

Expediente 37991/220

CSV: 2B8EA6-AA59E4-53C2B4-XHLCD-9SSMEA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>